

Autor: **GIANNI RODARI**

Ilustrador: **ALESSANDRO SANNA**

Tradución: **G. TOLENTINO**

Encadernado en cartón. 31x22 cm.

40 páxinas. Ilustracións a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "Confundindo historias"
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-503-0
- Castelán: "Confundiendo historias"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-933759-3-5
- Portugués: "Baralhando histórias"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-87-81-74-3

Prezo: 15 €


CONFUNDINDO HISTORIAS

-Había unha vez una nena chamada Carapuchiña Amarela.

-Non, Vermella.

-Iso, Carapuchiña Vermella.

-A súa nai chamouna e díxolle: "Oes, Carapuchiña Verde..."



El avó interrompe a plácida lectura do xornal para contarlle á neta unha historia que, non por máis clásica, lle resulta menos difícil de narrar. ¿Descoñecemento? En absoluto. O ancián consegue que sexa a pequena a que realmente reproduza o conto a base de corrixir os gazapos que deliberadamente comete porque, 'confundindo historias' é como o enredo se converte nun proveitoso recurso expresivo.

Esta peculiar visión de Carapuchiña, ideal para ser contada, é un xogo de humor para o lector e, para os contadores de contos, toda unha lección -útil e sinxela- sobre como sentir a emoción vibrante do público infantil, como lanzarlles un irresistible anzó ante o voraz apetito da súa imaxinación, que os manteña coa atención alerta.

KALANDRAKA tamén ten publicado, en galego e castelán, o álbum "Inventando números", dos mesmos autores.

GIANNI RODARI

(Omegna, Lombardía, 1920 - Roma, 1980)

Aínda que a súa vida discorreu allea á música, a súa vocación frustrada, poucos persoeiros como Rodari lograron destacar en tantas facetas como as que desenvolveu este renovador da literatura infantil e xuvenil. Político, xornalista, pedagogo e escritor, nesta última logrou o Premio Andersen en 1970.

Graduouse en Maxisterio e comezou impartindo clases particulares. Pola súa vinculación ao Partido Comunista Italiano colaborou con varios xornais; dirixiu L'Ordine Nuovo e trala súa incorporación ao diario milanés L'Unitá comezou a cultivar a súa paixón pola literatura infantil. A partir de entón foise forxando o talento de quen se convertería na pedra angular deste xénero literario.

Baseou na realidade obras como "O planeta das árbores", pero o humor e o éxito chegaron con títulos como "Contos longos como un sorriso", "As aventuras de Cipollino", ou "O libro das retahilas". "Contos a máquina", "Contos por teléfono" e "Contos para xogar" son tamén algunhas das súas obras mestras: pensáronse respectivamente para versionar a literatura tradicional, demostrar que a brevidade tamén pode ser sinónimo de boas historias e permitir que o lector poida escoller o final do conto.

Das súas visitas a colexios e o traballo con nenos escribiu "Gramática da Fantasía" (1973), unha aportación sen precedentes á pedagogía contemporánea. KALANDRAKA editouna en galego na colección 'Biblioteca de Panteno' e é o legado co que Rodari transmite a súa idea revolucionaria e liberadora da literatura.

ALESSANDRO SANNA (Nogara, Italia, 1975)

Pintor e ilustrador. Formouse no Instituto de Arte de Castelmasa (Roma), onde se graduou como profesor de arte aplicada; no Instituto Palladio de Verona, no que estivo impartindo clases, tamén obtivo o diploma en publicidade gráfica. Adicase á ilustración de libros infantís e xuvenís desde 1996 e participou en exposicións de pintura, individuais e colectivas. Entre os recoñecementos que obtivo a súa obra figuran a Mención Especial en 1999 e 2001 no Concurso Internacional de Ilustración Cidade de Chioggia.

- **Temática:** revisión do conto de Carapuchiña
- **Idade recomendada:** desde 5 anos
- **Aspectos destacables:** formato dialogado, orixinal proposta estética; KALANDRAKA tamén publicou "Inventando números"
- **Aplicacións:** fomentar a participación do lector na narración do conto; creatividade